



## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
  - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
  - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
  - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
  - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
  - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
  - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. Escolla a resposta correcta**

- A) A convocatoria de eleccións ó Parlamento de Galicia realízase mediante Decreto que se publica no Diario Oficial de Galicia e entra en vigor ao día seguinte da súa publicación
- B) A convocatoria de eleccións ó Parlamento de Galicia realízase mediante Decreto que se publica no Boletín Oficial do Estado e entra en vigor o mesmo día da súa publicación
- C) A convocatoria de eleccións ó Parlamento de Galicia realízase mediante Decreto que se publica no Diario Oficial de Galicia e entra en vigor o mesmo día da súa publicación
- D) A convocatoria de eleccións ó Parlamento de Galicia realízase mediante Decreto que se publica simultaneamente no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia e entra en vigor o mesmo día da súa publicación

**2. De acordo ao artigo 7 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, a quen se lle recoñece lexitimación para a defensa de intereses lexítimos colectivos?**

- A) Ás corporacións, asociacións e organizacións sindicais para a defensa de calquera dereitos e intereses lexítimos
- B) Ás corporacións, asociacións e organizacións sindicais cando estean legalmente habilitados para a súa defensa e promoción
- C) Ás corporacións, asociacións, organizacións sindicais e grupos que resulten afectados ou que estean legalmente habilitados para a súa defensa e promoción
- D) A calquera particular que vexa afectados os seus dereitos e intereses lexítimos

**3. Para a reforma dos Estatutos de Autonomía, qué se require?**

- A) A aprobación das Cortes Xerais mediante unha lei ordinaria
- B) A aprobación do Goberno mediante maioría absoluta
- C) En todo caso a aprobación do Congreso, do Senado e da Asamblea Lexislativa da correspondente Comunidade Autónoma
- D) En todo caso a aprobación polas Cortes Xerais mediante Lei Orgánica

**4. Qué actividade pode supervisar o Valedor do Pobo?**

- A) A da Administración autonómica galega, a do Parlamento e a da Administración local naquelas materias que sexan competencia da Comunidade Autónoma galega
- B) A da Administración Autonómica galega, e dos seus entes e empresas públicas ou dependentes, así como a da Administración local naquelas materias que son competencia da Comunidade Autónoma galega
- C) A da Administración autonómica galega, e dos seus entes e empresas públicas dependentes, a da Administración local naquelas materias que sexan competencia da Comunidade Autónoma galega e a do Presidente autonómico
- D) Todas as anteriores son correctas

**5. A tutela de qué liberdades e dereitos pode obterse por medio dun procedemento baseado nos principios de preferencia e sumario?**

- A) Os recoñecidos no artigo 14 e na Sección 1ª do Capítulo Segundo do Título I da Constitución e a obxección de conciencia recoñecida no artigo 30
- B) Os recoñecidos na Sección 2ª do Capítulo Segundo do Título I da Constitución
- C) Os recoñecidos no artigo 14 e na Sección 1ª do Capítulo Segundo do Título I da Constitución
- D) Os recoñecidos na Sección 1ª e na Sección 2ª do Capítulo Segundo do Título I da Constitución

**6. Segundo o artigo 3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, quen goza da condición política de galego?**

- A) Tódalas persoas nadas en Galicia
- B) Os cidadáns españois que, de acordo coas leis que dite o Parlamento de Galicia, teñan vecindade administrativa en calquera dos municipios de Galicia
- C) Os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan vecindade administrativa en calquera dos municipios de Galicia
- D) Os cidadáns españois que teñan vecindade administrativa e desenvolvan a súa actividade laboral en calquera dos municipios de Galicia

**7. Quén exerce o control da actividade dos órganos das Comunidades Autónomas de acordo co artigo 153 da Constitución Española?**

- A) A xurisdicción contenciosa-administrativa, o da administración autónoma e as súas normas regulamentarias, así como a xurisdicción social cando a lexislación laboral lles atribúa responsabilidade
- B) O Goberno, o do exercicio de funcións delegadas a que se refire o apartado 1 do artigo 150 da Constitución Española
- C) O Tribunal Constitucional, o relativo á constitucionalidade das súas disposicións normativas con forza de Lei
- D) O Goberno, o Defensor do Pobo e o Tribunal de Contas o económico e o orzamentario

**8. Cal é o supremo órgano consultivo do Goberno?**

- A) O Consello de Ministros
- B) O Tribunal de Contas
- C) O Defensor do Pobo
- D) O Consello de Estado

**9. Cales das seguintes materias están reservada a unha Lei Orgánica segundo a Constitución Española**

- A) As resolucións das abdicacións, renuncias e calquera dúbida de feito ou de dereito que ocorra na orde de sucesión da Coroa
- B) As que establezan os termos de elección de senadores en cada provincia
- C) As que regulen as formas de exercicio e os requisitos da iniciativa popular para a presentación de proposicións de lei
- D) Todas as anteriores son materias que requiren a súa regulación mediante lei orgánica

**10. Indique a resposta correcta**

- A) Galicia, Cataluña, Valencia e Andalucía accedieron á autonomía pola vía do artigo 151 da Constitución Española
- B) Galicia, País Vasco, Andalucía e Canarias accedieron á autonomía pola vía do artigo 151 da Constitución Española
- C) Galicia, País Vasco, Cataluña e Andalucía accedieron á autonomía pola vía do artigo 143 da Constitución Española
- D) Galicia, Cataluña, País Vasco e Andalucía accedieron á autonomía pola vía do artigo 151 da Constitución Española

Preguntas de reserva

**1. Quén é o máximo representante do Poder Xudicial na Comunidade Autónoma de Galicia?**

- A) O presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial
- B) O presidente do Tribunal Constitucional
- C) O presidente do Tribunal Supremo
- D) O presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

**2. Conforme a que principio exerce o Ministerio Fiscal a súas funcións?. Sinala a resposta correcta**

- A) Independencia xerárquica
- B) Unidade de actuación
- C) Desconcentración
- D) Todas son correctas